

ANUNCIO da Comisión de valoración do procedemento de concesión de bolsas de formación práctica en mercados emisores durante os anos 2017 e 2018 polo que se convoca aos candidatos admitidos á realización da proba de coñecementos turísticos

De conformidade co establecido no artigo 10.4 da resolución de 30 de decembro de 2016 pola que se regulan as bases para a concesión de bolsas de formación práctica en mercados emisores mediante a realización de prácticas de especialización en oficinas de turismo en mercados emisores durante os anos 2017 e 2018 publicada no DOG núm. 11 do 17 de xaneiro de 2017, procédese a convocar aos candidatos admitidos á proba de coñecementos turísticos.

Día: martes 18 de abril de 2017

Hora chamamento: 11:15

Hora exame: 11:30

LUGAR: Aula Room Mate do Centro Superior de Hostelería de Galicia

**ENDEREZO: Centro Superior de Hostelería de Galicia (CSHG). Estrada Santiago-Noia km3
(Lugar de A Barcia) 15897 – Santiago de Compostela**

Segundo o establecido nas bases da convocatoria, a proba consistirá nun cuestionario tipo test sobre o temario incluído no anexo II. O test constará dun formulario de 50 preguntas con catro respostas alternativas das que só unha será correcta e terá unha duración de 60 minutos. Os candidatos deberán acudir ao exame provistos dun lápis do número 2 e unha goma de borrar.

O chamamento comezará quince minutos antes de cada proba. Os candidatos deberán presentar á entrada á proba o **DNI ou documento de identificación equivalente**. Non estará permitido o acceso ao exame a aquelas persoas que non acrediten a súa identificación.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2017



A presidenta da Comisión de valoración

Laura González-Dopeso Portela

